

Recomendacións sobre o calendario vacínico

Polo que respecta ao calendario vacínico, pomos no voso coñecemento o seguinte:

A vacinación non é obrigatoria por lei en España a día de hoxe. Isto é algo que as persoas con fillos en idade escolar deben ter moi claro.

O carné vacínico é un documento que o único que fai é probar se a crianza foi vacinada e de que vacinas. Nin máis nin menos

“Ter o carné de vacinación ao día” é unha expresión mais non significa que a crianza teña que estar vacinada. Nin máis nin menos. Tamén pode ser una maneira de coaccionar os proxenitores para que estes interpreten que se os seus fillos non están vacinados están a incorrer nalgunha irregularidade.

Ter o carné de vacinación baleiro, isto é, sen referencia a vacina ningunha, non é nin pode ser a data de hoxe motivo para impedir escolarizar unha crianza, legalmente falando. Dito doutro modo: non se lle pode impedir matricularse ou asistir ás aulas por ter o carné de vacinación baleiro.

Outra cousa é a vía dos feitos, quer dicir: que o centro escolar impida, poña atrancos, coaccione os proxenitores, para vacinaren os seus fillos. En tal caso, todo dependerá da fortaleza, valentía e circunstancias dos proxenitores. Cousa non fácil, abofé.

Por último, se un colexio impidise a matriculación ou a asistencia ás aulas a unha crianza por ter o calendario vacínico baleiro (isto é, por non estar vacinada) a resolución dese conflito parece difícil.

En primeiro lugar, os proxenitores deberán solicitar obter un escrito do colexio en que conste que non se matricula as crianzas e se impide a súa asistencia polo dito motivo, ben como a que norma legal se están a acoller para decidir isto.

É importante que os proxenitores non se deixen amedrentar. Se, a pesar diso, o colexio persiste na súa negativa a aceptar a crianza, os proxenitores terán que decidir se acoden aos tribunais. En puridade, se a causa é a non vacinación, os tribunais deberían fallar a favor dos proxenitores. Pero, como a Covid-19 cambiouno todo, non se pode asegurar ao 100% cal será a decisión final dos tribunais. Os xuíces son humanos e, como tales, teñen medo, cren nas vacinas e, alén disto, teñen a presión da sociedade neste tipo de conflitos.

Por último, sería importante que os proxenitores que non vacinan os seus fillos consigan un certificado do pediatra ou médico en que este confirme que o seu fillo ou filla goza de boa saúde, que pasou, no seu caso, as doenzas correspondentes e, por tanto, está inmunizado de maneira natural.